

edición

SUMARIO

- [1-5] NOVAS
- [1-3] IGAEM
- [4] Centro Dramático Galego
- [5] Centro Coreográfico Galego
- [5] Novidades editoriais
- [6-7] AXENDA
- [8-10] ALERTA!
- [11-12] E_SCENA EN CIFRAS



Podes navegar por **e_scena** premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

FEBREIRO DE ESTREA CON «VALDEMULLER» E «KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS»

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO PRESENTA O DÍA 15 NO TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE «VALDEMULLER», ESPECTÁCULO DE MONICREQUES DIRIXIDO POLO ARXENTINO PABLO VERGNE

O TEATRO ROSALÍA DA CORUÑA ACOLLE O DÍA 29 A PRIMEIRA FUNCIÓN DE «KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS», DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO, CON DIRECCIÓN DE ROBERTO OLIVÁN

O Centro Dramático Galego (CDG) e o Centro Coreográfico Galego (CCG) ultiman os preparativos para as estreas das súas novas producións, coas que durante os próximos meses xirarán polos escenarios galegos. A primeira das citas será co CDG, que o día 15 de febreiro presentará no Teatro Principal de Ourense o espectáculo de monicreques *Valdemuller*, dirixido polo arxentino Pablo Vergne a partir da obra de Xosé A. Neira Cruz. O CCG, pola súa banda, estreará *Kiosco das almas perdidas*, con dirección do catalán Roberto Oliván e música da galega Mercedes Peón, o día 29 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Tono Arias, Víctor Rivera Jove e Arquivo IGAEM

D.L.: C-826-06





[vén da pantalla anterior]

Con *Valdemuller*, o CDG arrisca nunha aposta que conxuga o teatro de monicreques e o teatro dirixido ao público adolescente, tradicionalmente asociados a programacións consideradas menores. Co obxectivo de garantir a realización dun espectáculo orixinal, necesario e de moi boa factura, a compañía pública contou co recoñecido director Pablo Vergne para levar a escena esta obra do compostelán Neira Cruz, traducida a varias linguas e recoñecida co Premio Barco de Vapor de Literatura Infantil.

Os traballos de Vergne –presentados, xunto coa súa compañía El Retablo, en diferentes países de Europa, Asia e América– caracterízanse por un estilo singular que combina tradición e innovación, economía de medios e máxima expresividade, na procura de novas linguaxes escénicas e da complicitade co público.

O director arxentino achega a súa experiencia e o seu discurso estético á tradición de monicreques galega nesta proposta coa que o CDG, na súa calidade de teatro público, avanza na función de impulsar manifestacións dramáticas arriscadas e dar pulo á actividade escénica considerada nas marxes. Completan o equipo artístico de *Valdemuller* as actrices-manipuladoras galegas Alba Grande, Montse Piñón, Raquel Queizás e Manuela Varela, ademais de María de la Iglesia (espazo escénico e vestiario das actrices), Mari Carmen Pérez Pastor e Gador Enríquez (vestiario dos bonecos), Ocatavio Mas (iluminación) e María Eugenia Romero Baamonde (axudante de dirección).

Ricardo Vergne, Gustavo Brito, Javier Gallego e Bernardo Rodríguez foron os encargados de realizar os 17 monicreques de case 60 centímetros de altura –construídos en látex, gomaespuma e poliuretano sobre un esqueleto de ferro– que dan vida á historia de Mina, unha rapaza de 15 anos que emprende unha viaxe iniciática cara a Valdemuller durante a que se enfronta a diferentes aventuras e perigos.

EN XIRA

Trala súa estadía en Ourense, onde ademais da función de estrea ofrecerá dúas representacións para escolares (13 e 14 de febreiro) e outras dúas para público familiar (días 16 e 17), *Valdemuller* representarase en Narón, Tui, Pontevedra, Carballo, Santiago, O Barco, Vilagarcía, Ribadeo, Vigo e Ferrol nunha xira que se estenderá até finais de maio.

Tamén serán numerosos os escenarios galegos, e de fóra de Galiza, nos que durante cinco meses se presentará *Kiosco das almas perdidas*, a nova produción do Centro Coreográfico Galego despois do éxito de *Vacuo*.

Peza que combina diferentes disciplinas e linguaxes artísticas como a danza, o ilusionismo, o audiovisual e a música, *Kiosco das almas perdidas* é o produto dunha estadía de tres meses en Galiza do seu director, no que reflexiona sobre a vida e sobre a nosa capacidade de resposta ante ela, como camiño cara á liberdade. A representación no escenario reflicte a situación duns individuos expulsados, desconectados e abandonados. O seu novo estatus obrigaos a reorganizarse, a buscar unha nova fórmula de supervivencia.



Acompañan a Oliván neste traballo Ana Beatriz Pérez Enríquez, Álvaro Esteban López, Anna Calsina Forrellad, Jordi Vilaseca Lorite, Hannah Shakti, Kirenía Fernández, Gabriella Mâthê, Nuria Sotelo, Lenka Bartunkova, Natxo Montero Matia e Henrique Peón como intérpretes, xunto con Erick Jiménez (asistente de dirección), Roberto Magro “Tober” (dramaturxia), Mercedes Peón (espazo sonoro), Rodrigo Roel (espazo escénico), Baltasar Patiño (iluminación), Ruth D. Pereira (vestiario), Fiumfoto (realización audiovisual), Muriel Félix (deseño audiovisual) e o Mago Antón (asesoría de maxia).

A poesía, o movemento, a tradición, a vida urbana, as emocións e o inter-

cambio cultural son algúns dos referentes na obra de Roberto Oliván, coreógrafo de renome internacional formado como bailarín en Barcelona e Bruxelas. Foi bailarín da Rosas Dance Company e director artístico de Anne Teres ade Keersmaker, e en 2003 funda a Roberto Oliván ENCLAVE Dance Company. É tamén director artístico do Taller Internacional de Danza Contemporánea de Tortosa, no que participan estudantes de todo o mundo.

Coincidindo coa xira de *Kiosco das almas perdidas*, o CCG desenvolverá unha serie de accións formativas nos lugares nos que se represente a peza coa finalidade de achegar os cidadáns á comprensión da danza contemporánea e ao traballo de Oliván.



A FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS CELEBRARASE DO 13 AO 17 DE OUTUBRO

A edición 2008 da Feira Galega das Artes Escénicas celebrarase en Compostela entre os días 13 e 17 de outubro, terá a súa sede de mercado e de traballo no Auditorio de Galicia e exhibiranse nela espectáculos dun total de 25 compañías, 20 delas galegas.

O IGAEM está xa a organizar o evento, que nesta ocasión contará como espazos de exhibición co Salón Teatro, o Teatro Principal, a Sala Nasa, o Teatro Galán, o Teatro da SGAE e a Sala Mozart do Auditorio de Galicia.

Salvo renuncia, quedarán incorporadas automaticamente á programación as 8 compañías de teatro de adultos máis as 6 compañías de programación infantil con maior distribución dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios durante o segundo semestre de 2007 e o primeiro semestre de 2008. A selección artística, que realizará unha comisión integrada por persoas externas ao IGAEM, ocupárase de elixir 11 espectáculos (6 de compañías galegas, entre elas 2 ou 3 de danza; e 5 de compañías de teatro e/ou danza de fóra de Galiza, entre eles 3 da área lusófona e 2 dunha comunidade autónoma convidada).

Ao igual que na edición anterior, habilitarase un espazo de mercado para as empresas e entidades relacionadas co sector e rexerá un sistema de bonificacións pola compra de espectáculos no marco da feira.

O IGAEM, RECOÑECIDO CO PREMIO SGAE AO EMPRESARIO PÚBLICO

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais vén de ser galardoado co Premio SGAE ao Empresario Público, en recoñecemento ao seu papel «impulsor dunha programación cultural xenerosa e diversa que fai da capital galega un referente mundial alén, incluso, do seu celebradísimo patrimonio histórico».

Así o decidiu o Consello de Dirección da Sociedade Xeral de Autores e Editores, que coa adxudicación dos seus premios anuais quere recoñecer aqueles usuarios do repertorio que, no desempeño das súas actividades profesionais, se distinguen no compromiso e respecto aos dereitos de autor. Na mesma categoría foron galardoados tamén o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela.



A conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, e o director da SGAE en Galiza, Javier Vidal

A cerimonia de entrega do premio, que foi recollido pola conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, tivo lugar no decurso da denominada «Noite dos autores», que se celebrou o pasado 17 de xaneiro no Hostal dos Reis Católicos, en Compostela.

CAIXANOVA, BANCO POPULAR E BANCO DE GALICIA PRESTARÁN TAMÉN O CRÉDITO CULTURA

Caixanova, Banco Popular Español e Banco de Galicia prestarán tamén o Crédito Cultura, o programa de asistencia financeira para o desenvolvemento de proxectos escénicos e musicais promovido pola Consellaría de Cultura e Deporte e no que xa colaboraba Caixa Galicia.

Mediante o Crédito Cultura as empresas galegas de artes escénicas e musicais poderán beneficiarse de condicións vantaxosas na adquisición dos seus préstamos para o desenvolvemento de actividades de produción e distribución de espectáculos, así como de traballos discográficos. O servizo quedou perfilado como un programa de asistencia financeira para as empresas solicitantes das

axudas ao sector escénico e musical que outorga anualmente o IGAEM.

As tres novas entidades adhírense a este programa nos mesmos termos que Caixa Galicia, a primeira en poñelo a disposición dos usuarios. Entre as condicións estipuladas está que o importe máximo dos préstamos é de 60.000 euros e que o da subvención para o exercicio de 2008 non poderá superar os 3.000 euros anuais por solicitante. O tipo de xuro anual será o euríbor interbancario máis 2 puntos sen redondeo.

INCREMÉNTASE A DOTACIÓN ECONÓMICA DOS PREMIOS DRAMÁTICOS DO IGAEM

O IGAEM incrementa até 24.000 € e unifica a dotación económica dos premios que outorga anualmente para incentivar a creación literaria no eido dramático. Así, en 2008 verán a luz o XVII Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais, o III Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, e o VI Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, nas modalidades de teatro para rapaces e para adultos. Estes tres últimos galardóns pasan dos 4.000 €cos que estaban dotados na edición 2007 aos 6.000 €previstos para a convocatoria de 2008, que se publicará proximamente no Diario Oficial de Galicia.

A concesión implica adicionalmente a edición dos textos dentro das coleccións dramáticas que mantén abertas o IGAEM en réxime de coedición con distintas empresas galegas. A entrega de textos para calquera dos premios poderá facerse até o 30 de maio, en tanto que o ditame do xurado darase a coñecer en outubro de 2008.



PECHE DE ACORDOS EMPRESARIAIS E PROMOCIÓN DE TODA A MÚSICA GALEGA EN MIDEM

As empresas musicais galegas pecharon en MIDEM (Mercado Internacional do Disco e da Edición Musical) distintos acordos para a súa proxección internacional, en concreto nos mercados de Reino Unido, Francia, Portugal e América Latina. Zouma Records, La Fabrica de Chocolate ou Falcatruada son algunhas das distribuidoras e/ou editoras integrantes da delegación galega que conseguiron logros neste sentido.

A Consellaría de Cultura e Deporte presentou no MIDEM 2008, que se celebrou en Cannes (Francia) do 27 ao 31 de xaneiro, as últimas novidades musicais galegas nun disco promocional con 16 temas de grupos e músicos de folk, pop, rap ou jazz do país. Por segundo ano consecutivo, unha representación empresarial galega participou na feira da industria musical máis importante do mundo na que se deron cita máis de 10.000 profesionais procedentes de 90 países.



«NOITE DE REIS» REMATA A SÚA DISTRIBUCIÓN CON 15.000 ESPECTADORES

O último espectáculo do Centro Dramático Galego (CDG), *Noite de Reis*. Ou o que queirades, rematou o seu período de distribución en Galiza cun balance de 14.984 espectadores, despois dunha xira de practicamente tres meses de duración por 11 escenarios das catro provincias.

Nun éxito con escasos precedentes no teatro galego, a obra de Shakespeare que dirixiu Quico Cadaval rexistrou cheos de público na meirande parte das máis de corenta representacións ofrecidas, 22 delas celebradas no Salón Teatro de Santiago, espazo onde en repetidas ocasións se esgotaron as localidades para asistir ao espectáculo e chegaron a manexarse listaxes de espera de espectadores interesados en ver a obra.

Canto ás cifras concretas, 11.393 persoas acudiron ao espectáculo durante a xira que discorreu polos teatros de Ourense, Carballo, O Barco, Ferrol, Vigo, Vilagarcía, Tui, Ribadeo,

Pontevedra, A Coruña e Narón, mentres que 3.591 espectadores se puxeron diante da montaxe nas funcións desenvolvidas en Santiago, algunhas delas concertadas para alumnos de centros de ensino medio.

O apoio dos espectadores á montaxe do CDG quedou igualmente reflectido en galardóns como o Premio do Público da pasada edición do FIOT (Festival Internacional Outono de Teatro) de Carballo ou o máis recente Premio á Mellor Obra Teatral 2007 do semanal *Santiago Siete*, concedido a partir dunha enquisa realizada entre os seus lectores para escoller "O mellor do ano 2007" en Compostela.

REPOSICIÓN EN 2009

Dado o grao de expectación suscitado por esta proposta escénica –na que Cadaval realiza unha dramaturxia sobre o texto de Shakespeare e trasládalo a unha sorte de comedia mediterránea chea de tolemias e enredos amorosos–, a directora do CDG, Cristina Domínguez Dapena, prevé a reposición da montaxe cunha estadia

prolongada en Compostela para a seguinte temporada 2009, así como participar no próximo verán nalgúns dos principais festivais de teatro de verán da península, coma o de Almagro.

Noite de Reis. Ou o que queirades, montaxe coa que a compañía pública iniciou o seu plan de produción da actual temporada 2007-2008, marcou ademais a posta en marcha do circuito «Espazos CDG», baixo o que se organizaron actividades promocionais para o conxunto das artes escénicas.

UROC TEATRO INCORPÓRASE Á PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO CON «ADOSAD@S»

O Salón Teatro de Santiago ofrecerá os días 13 e 14 do vindeiro mes de marzo dúas funcións do espectáculo *Ados@dos*, da compañía madrileña Uroc Teatro, que se incorpora así á ampla programación de teatro, música e danza que o espazo que xestiona o CDG desenvolve durante o primeiro semestre do ano.

Juan Margallo dirixe este espectáculo, que el mesmo protagoniza xunto a Petra Martínez para dar vida a unha parella que, como tantas outras, comparten e discuten as súas opinións sobre emigración, seguridade, política e, fundamentalmente, sobre o que está a suceder nese momento: o teatro.

Realizada a partir de textos de John Petrof, *Ados@dos* chega a Santiago precedida do gran éxito de público obtido durante a súa estadia no Teatro Español de Madrid, onde foi representada durante 40 días.

DIEGO ANIDO ABRE AO PÚBLICO OS ENSAIOS DE «CASCUDA», CREACIÓN QUE COPRODUCE O CDG

O Centro de Creación Dramática do Centro Dramático Galego (CDG) acolle a residencia técnica de Diego Anido quen, dende o luns 11 até o sábado 16 de febreiro, traballará no Salón Teatro na súa última creación, *Cascuda*, coproducida polo CDG e que se estreará en maio na Sala Nasa. Durante toda esa semana, o creador galego abrirá ao público os seus entrenamentos físicos en horario de 10 a 12 horas. Asemade, o venres 15 e o sábado 16 desenvolverá dous ensaios abertos que comezarán ás 20.30 horas. As entradas, a un prezo único de 3 euros, poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro dende dúas horas antes do comezo.

Adosad@s

Anido leva máis dun ano traballando no proceso de investigación de *Cascuda*, na creación de imaxes, escenas, textos, accións, coreografías en movemento... Tal e como é habitual nas pezas de creación, a formalización dramática está intimamente ligada aos procesos de ensaio e composición da peza. Por este motivo, a tres meses da estrea da peza teatral, o *performer* quere realizar varias mostras do traballo en proceso, ofrecendo un achegamento a súa metodoloxía de traballo.

Para o CDG, esta exhibición *work in progress* é unha experiencia pioneira, xa que é a primeira vez que a compañía pública aposta por este tipo de residencia



O LIBRO SOBRE O ESPECTÁCULO «VACUO» INAUGURA A COLECCIÓN BITÁCORA

Vacuó, título do espectáculo inaugural do CCG na pasada temporada escénica, inicia tamén unha colección editorial, denominada *Bitácora*, na que se recollerán os bosqueños, as notas e a evolución do camiño que vai dende a xestión até a presentación final das producións xurdidas no seo do Centro Coreográfico Galego.

Editada polo IGAEM, a nova colección ten por obxecto poñer á vista os procesos creativos, dende o traballo do coreógrafo até o dos músicos, pasando polo do escenógrafo, o do iluminador, o do figurinista... e cantos artistas presten a súa colaboración na concreción de cada espectáculo.

Ao longo de máis de 100 páxinas, *Vacuó* é, preferentemente, un libro de imaxes, as seleccionadas coa intervención de Maruxa Salas –creadora e directora do espectáculo– para ilustrar da mellor maneira o desenvolvemento da peza,

dende os preliminares aos primeiros ensaios até a súa estrea no Teatro Rosalía Castro da Coruña en xaneiro de 2007.

O CCG COLABORA CO MERCAT DE LES FLORS NO MOV'S-GALICIA 08

Do 15 ao 18 de xuño celébrase na Illa de San Simón (Redondela, Pontevedra) o Mov's, un espazo para o intercambio internacional da danza e as artes do movemento. Esta iniciativa busca construír pontes de enlace entre os artistas e as organizacións de danza e as artes do movemento para establecer vías naturais de encontro e colaboración.

Mov's é unha iniciativa de Mercat de les Flors de Barcelona con vocación de itinerancia en España. Este ano terá lugar en Galiza, organizado en colaboración co Centro Coreográfico Galego.

O encontro reunirá a profesionais da danza e das artes do movemento en torno ao tema “As condicións para a creación coreográfica”, a través de xor-

nadas de debate internacionais, espazos de encontro, presentación de proxectos e unha inmersión na realidade artística de Galiza.

ÉXITO DE ACOLLIDA Á CONVOCATORIA DE ARTISTAS EN RESIDENCIA

O Centro Coreográfico Galego recibiu un total de 77 proxectos que optan ao programa Artistas en Residencia, o que supón un grande éxito de acollida entre o sector da danza á liña de apoio do CCG especialmente deseñada para a asistencia económica e artística aos beneficiarios, mentres estes desenvolven as súas creacións. Entre todos os proxectos recibidos serán escollidos un máximo de sete propostas, nun proceso de selección cuxo resultado farase público o próximo 28 de febreiro.

Este programa ten como obxectivo apoiar a creación na danza, proporcionando aos artistas unha dotación económica para cubrir os datos de aloxamento, manutención e dietas, e a posibilidade dunha residencia artística dunha semana e o apoio durante a mesma dunha persoa de produción.

Na pasada tempada apoiáronse dous proxectos dentro deste apartado: unha residencia de creación e outra de investigación. Uxía P. Vaello con *Arder nun hotel* e Henrique Peón e Mercé de Rande con *Arándara*.

Paraíso

Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas IGAEM / Nº 3 / xaneiro 08 Edición non venal


O IGAEM edita un novo número desta revista para a promoción da actividade da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas, que distribúe de xeito gratuíto nos teatros e auditorios galegos. Xunto co calendario de programación dos devanditos circuitos e as fichas de todos os espectáculos que subirán aos seus escenarios até o mes de xuño, a revista ofrece diferentes entrevistas e reportaxes relacionados coas artes escénicas e musicais galegas.

La piragua

Cándido Pazó

Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España. Serie Literatura Dramática Iberoamericana, nº 56 Edita: Asociación de Directores de Escena de España ISBN: 978-84-95576-81-1 PVP: 7 euros

Edición en castelán de *A Piragua*, primeira experiencia de autoría residente no Centro Dramático Galego, estreada en abril de 2007 no Salón Teatro. Partindo dunha anécdota calquera, como a dun veciño que garda unha piragua no seu garaxe, enfiase un discurso dramático que traslada ao espectador a liña argumental esencial que sustenta a proposta escénica: a violencia doméstica.



O regreso ao deserto

Bernard-Marie Koltès

Tradución: Fernando Moreiras
Colección Escena Aberta, nº 3
Edita: Edicións Laiovento-IGAEM
ISBN: 978-84-453-4398-2
PVP: 12 euros

Última obra escrita polo dramaturgo francés Bernard-Marie Koltès, quen emprega as lembranzas da súa infancia –a partir do regreso do seu pai de Alxeria– para tratar as emocións e reaccións provocadas por acontecementos externos no contorno familiar.


A cabana de Babaiajá

Paula Carballeira

Colección Escena Aberta, nº 2
Edita: Edicións Laiovento-IGAEM
ISBN: 978-84-453-4528-2
PVP: 15 euros

Conto infantil eslavo adaptado e editado por Paula Carballeira, que deu lugar ao espectáculo do mesmo nome que o Centro Dramático Galego estreou en marzo do 2006.



01 VENRES	Os Monicreques de Kukus <i>A doncela guerreira</i> Sada 18.00 h CASA DA CULTURA P. LLORENS	Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia <i>Concerto de vento metal</i> A Estrada 21.00 h TEATRO PRINCIPAL		Chrystyan Magic <i>Entroido máxico</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Vilagarcía de Arousa AUDITORIO MUNICIPAL		01 VENRES								
02 SÁBADO	Os Monicreques de Kukus <i>Un agasallo para Xaquín</i> Ortigueira 20.30 h TEATRO DA BENEFICENCIA	Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Vilalba 20.30 h AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ EGUIAGARAY					02 SÁBADO								
08 VENRES	Tanxarina Títeres <i>Sombreiros sen chapeu</i> Vilagarcía de Arousa AUDITORIO MUNICIPAL	La Imagina Machina <i>A habitación da maxia</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL		Nunca +1 <i>Novecento</i> Cangas 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Ensemble Vigo 430 <i>Do século XVIII ó XXI</i> A Estrada 21.00 h TEATRO PRINCIPAL		08 VENRES								
09 SÁBADO	Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> Vilagarcía de Arousa AUDITORIO MUNICIPAL	Caramuxo Teatro S. C. <i>Lazarillo</i> Vigo 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Nunca +1 <i>Novecento</i> Cangas 20.30 h TEATRO MUNICIPAL	Os Monicreques de Kukus <i>Un agasallo para Xaquín</i> Cee 20.15 h SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> A Coruña 20.30 h FORUM METROPOLITANO	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Viveiro 20.30 h TEATRO PASTOR DÍAZ	Galitooon <i>Golulá</i> A Estrada 18.30 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro de Adro <i>Comida chinesa</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	Tanxarina Títeres <i>Os narigudos</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	09 SÁBADO					
10 DOMINGO	Galitooon <i>Golulá</i> Ribadeo 17.00 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Mago Pablo <i>Maxia e ilusionismo</i> Carballo 18.00 h PAZO DA CULTURA	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> A Coruña 19.00 h FORUM METROPOLITANO	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> A Coruña 19.00 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Tanxarina Títeres <i>Os narigudos</i> A Coruña 12.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	Tanxarina Títeres <i>Os narigudos</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO					10 DOMINGO				
11 LUNS	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> A Coruña TEATRO ROSALÍA DE CASTRO			11 LUNS	12 MARTES						12 MARTES				
13 MÉRCORES	Teatro Ensalle <i>Te has perdido el mar</i> Lugo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE			13 MÉRCORES											
14 XOVES	Sapristi <i>Ó son das cousas</i> A Estrada 11.30 h TEATRO PRINCIPAL	Pistacatro Produtora de Soños Kamikaze Pontevedra 11.30 h AUDITORIO MUNICIPAL PAZO DA CULTURA	Espello Cóncavo Zardigot Monforte 20.15 h EDIFICIO MULTIUSOS	Pistacatro Produtora de Soños Kamikaze Pontevedra 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL PAZO DA CULTURA	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> Vigo 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	CDG Valdemuller Ourense 11.00 h TEATRO PRINCIPAL Función escolar					14 XOVES				
15 VENRES	Mago Norberto <i>Xogos máxicos</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Ames 21.00 h CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO	Teatro de Adro <i>Comida chinesa</i> O Barco 21.00 h TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO	Teatro do Atlántico <i>A bombilla máxica</i> Mondoñedo 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL PASCUAL VEIGA		CDG Valdemuller Ourense 20.30 h TEATRO PRINCIPAL Estrea					15 VENRES				
	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Noia 22.00 h TEATRO COLISEO NOELA	Fulano, Mengano e Citano Arte Muros 22.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> Vigo 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Carballo 21.00 h PAZO DA CULTURA											
16 SÁBADO		Os Quinquilláns <i>O mago de Oz</i> Muros 18.30 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Viveiro 18.00 h TEATRO PASTOR DÍAZ	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Espello Cóncavo Zardigot Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	Cámara Negra Teatro <i>En la soledad de los campos de algodón</i> Vigo 22.00 h TEATRO ENSALLE	CDG Valdemuller Ourense 20.00 h TEATRO PRINCIPAL	SALÓN TEATRO SANTIAGO DE COMPOSTELA	CDG en coprodución con Diego Anido <i>Cascuda</i> 20.30 h Ensaíos públicos	16 SÁBADO					
		Trío de Violín, Trompa e Piano Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORENS	Tanxarina Títeres <i>Sombreiros sen chapeu</i> Cee 20.15 h SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	Teatro Lope de Vigo <i>Ide todos o inferno</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Producións Acontrabutaca <i>Robin Hood</i> Redondela 20.30 h MULTIUSOS DA XUNQUEIRA	Pablo Nojes y Páprika Teatro <i>Qué pasa en la plaza III</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO									

17 DOMINGO	Os Monicreques de Kukus <i>Un agasallo para Xaquín</i> Cedeira 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Os Quinquilláns <i>O mago de Oz</i> Cambados 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL A XUVENTUDE	Abada Teatro – Carlos Blanco <i>Humor neghro</i> San Sadurniño 19.30 h CENTRO SOCIOCULTURAL	Artesán Teatro <i>Estoraque, o indiano</i> Betanzos 20.30 h AULA MUNICIPAL DE CULTURA	Bacana <i>Hendaya mon amour</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Pablo Nojes y Páprika Teatro <i>Qué pasa en la plaza III</i> A Coruña 12.00 / 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	CDG <i>Valdemuller</i> Ourense 20.00 h TEATRO PRINCIPAL	Cámara Negra Teatro <i>En la soledad de los campos de algodón</i> Vigo 21.00 h TEATRO ENSALLE	17 DOMINGO		
20 MÉRCORES		Espello Cóncavo <i>Zardigot</i> A Coruña 11.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO				CDG <i>Valdemuller</i> Narón 11.00 h AUDITORIO MUNICIPAL Función escolar			20 MÉRCORES		
21 XOVES		Nut Teatro <i>A mirada de Pier</i> Pontevedra 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL PAZO DA CULTURA				CDG <i>Valdemuller</i> Narón 11.00 h AUDITORIO MUNICIPAL Función escolar			Orquestra de Alumnos da EAEM Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	21 XOVES	
22 VENRES	Pistacatro Productora de Soños <i>Kamikaze</i> Vilagarcía de Arousa AUDITORIO MUNICIPAL	Caramuxo Teatro S. C. <i>Lazarillo</i> Boiro 20.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ	Javier Muro <i>Maxilusión</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Marco González Tango Argentino <i>Milonga sentimental</i> Foz 21.00 h SALA BAHÍA	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Tui 21.00 h TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA	Teatro do Atlántico <i>A bombilla máxica</i> Noia 22.00 h TEATRO COLISEO NOELA	CDG <i>Valdemuller</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Orquestra de Alumnos da EAEM Santiago 21.00 h AUDITORIO DE GALICIA	Nut Teatro <i>A mirada de Pier</i> Santiago 22.00 h SALA NASA	22 VENRES	
23 SÁBADO	Sapristi <i>Ó son das cousas</i> Vilagarcía de Arousa AUDITORIO MUNICIPAL	Chrystyan Magic <i>Segredos dun mago</i> Vigo 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Talía Teatro <i>O merlo branco</i> A Estrada 18.30 h TEATRO PRINCIPAL	Abada Teatro – Carlos Blanco <i>Humor neghro</i> Ourense 20.00 h TEATRO PRINCIPAL	Sarabela Teatro <i>Margar no pazo do tempo</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Ortigueira 20.30 h TEATRO DA BENEFICENCIA	CDG <i>Valdemuller</i> Narón 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL		SALÓN TEATRO Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro <i>Michael Gira e (r)</i> 22.00 h	23 SÁBADO	
	Malasombra <i>Non é tan fácil</i> Sanxenxo 21.30 h PAZO EMILIA PARDO BAZÁN	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Cangas 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Nut Teatro <i>A mirada de Pier</i> Santiago 22.00 h SALA NASA								
24 DOMINGO	Caramuxo Teatro S. C. <i>Lazarillo</i> Ames 17.00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS	Os Quinquilláns <i>O mago de Oz</i> Carballo 18.00 h PAZO DA CULTURA	Orquestra de Cámara de Galicia <i>Música clásica galega</i> Cedeira 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Títeres Cachirulo <i>Do, re, mi, moztart xoga aquí</i> Cambados 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL A XUVENTUDE	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Abada Teatro – Carlos Blanco <i>Humor neghro</i> Ourense 20.00 h TEATRO PRINCIPAL	Nut Teatro <i>A mirada de Pier</i> Santiago 20.30 h SALA NASA			24 DOMINGO	
26 MARTES					Títeres Trompicallo <i>Bolboreta</i> Ferrol 11.00 h TEATRO JOFRE	Pistacatro Produtora de Soños <i>Kamikaze</i> Lugo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE			26 MARTES		
27 MÉRCORES					Music-Walk <i>Four walls (encontrando a Cage)</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	CDG <i>Valdemuller</i> Tui 11.00 h TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA Función escolar				27 MÉRCORES	
28 XOVES	Music-Walk <i>Four walls (encontrando a Cage)</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Nut Teatro <i>A mirada de Pier</i> Santiago 22.00 h SALA NASA					CDG <i>Valdemuller</i> Tui 11.00 h TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA Función escolar			28 XOVES	
29 VENRES	Mago Xacobe Sanz <i>Ilusións máxicas 2008</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Fulano, Mengano e Citano <i>Arte</i> Boiro 21.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ			Pistacatro Produtora de Soños <i>Kamikaze</i> Carballo 21.00 h PAZO DA CULTURA	Colectivo Danzón <i>Viaxe pola danza</i> Foz 21.00 h SALA BAHÍA	CDG <i>Valdemuller</i> Tui 20.00 h TEATRO MUNICIPAL ÁREA PANORÁMICA	CCG <i>Kiosco das almas perdidas</i> A Coruña TEATRO ROSALÍA DE CASTRO Estrea			29 VENRES
	La Imagina Machina <i>Ubú rei</i> O Barco 21.00 h TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Vilagarcía 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL				Nut Teatro <i>A mirada de Pier</i> Santiago 22.00 h SALA NASA	Erre que Erre <i>No sólo (de neuronas vive el cerebro enamorado)</i> Vigo 22.00 h TEATRO ENSALLE				

1. CONVOCATORIAS IGAEM

Convocatoria	Contido	Dirixido	Data límite
Subvencións ao sector escénico e musical 2008 (DOG nº 9, de 14 de xaneiro de 2008)	A. Actividade escénica (anual para a produción e distribución de novos espectáculos, e bianual para a continuidade da actividade escénica): A.1. Nova creación A.2. Actividade escénica no ámbito do teatro de actor e de monicreques A.3. Actividade escénica no ámbito da danza A.4. Investimentos produtivos no ámbito da maxia	Persoas físicas e xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade teatral, de danza ou de maxia, con domicilio ou sede social en Galiza.	15 de febreiro
	B. Programa Crédito-Cultura	Sociedades mercantís dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución no ámbito das artes escénicas e musicais, con domicilio ou sede social en Galiza.	31 de outubro*
	C. Distribución: C.1. Distribución exterior dos espectáculos de artes escénicas e musicais C.2. Asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical C.3. Promoción e difusión C.4. Distribución de espectáculos en feira	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con domicilio ou sede social en Galiza. Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de espectáculos de música, con domicilio ou sede social en Galiza. Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución no ámbito da música, dirixidas a proxectos de promoción e difusión de traballos discográficos galegos editados durante o segundo semestre de 2007 e durante 2008. Persoas físicas e xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas, con domicilio ou sede social en Galiza.	31 de outubro** 15 de febreiro
	D. Dotación e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios	Entidades públicas titulares de teatros, auditorios e outros espazos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.	
	E. Salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada	Espazos de titularidade privada, con capacidade non superior ás 300 prazas e cunha programación estable ou actividade de apoio á creación de espectáculos relacionados coas artes escénicas en xeral.	
	F. Asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais	Entidades e asociacións profesionais representativas das empresas e profesionais no sector do teatro, a danza e a música.	
	G. Formación especializada	Persoas físicas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia ou lugar de traballo en Galiza e estean vinculadas á actividade de produción e distribución profesional de artes escénicas e musicais.	

* Un mes dende a formalización dos créditos ou préstamos obxecto de subsidiación e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta resolución, o 15 de febreiro.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 16 de novembro de 2007 e o 16 de xaneiro de 2008, o prazo finaliza o 15 de febreiro.

3. OUTRAS CONVOCATORIAS

Obxecto	Contido	Dirixido	Data límite
Subvencións aos investimentos das empresas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións	A Consellaría de Innovación e Industria convoca estas axudas, segundo as bases publicadas no DOG nº 8 de 11 de xaneiro, para as seguintes actuacións: a) Infraestrutura interna das empresas b) Aplicacións informáticas das empresas c) Apoio ao desenvolvemento do sector das TIC d) Formación técnica e promoción do sector das TIC	Empresas privadas con personalidade xurídica, así como os empresarios individuais, que teñan a súa sede ou algún centro de traballo en Galiza e que reúnan os requisitos para cada un dos tipos de actuacións subvencionables. Máis información: http://www.conselleriaiei.org	15 de febreiro
Convocatorias Iberescena 2009	O Fondo Iberoamericano de Axuda Iberescena abre o prazo de presentación de catro novas convocatorias: Escritura dramática e coreográfica Formación en produción e xestión para os profesionais das artes escénicas iberoamericanas Circulación de espectáculos Coproductión de espectáculos de teatro e danza iberoamericanos	Autores/as e coreógrafos/as profesionais dos países membros de Iberescena. Centros públicos de produción, compañías independentes, empresas privadas de produción e/ou xestión, universidades e centro de formación, organizacións ou asociacións relacionadas co sector, ámbitos profesionais independentes. Circuitos, redes de distribución, festivais e espazos escénicos que cumpran os requisitos esixidos. Entidades ou institucións públicas ou privadas, grupos e compañías profesionais de teatro e danza cuxas actividades contribúan a fornecer os plans de cooperación e integración de Iberescena. máis información en www.iberescena.org	18 de xullo
Inscrición nos cursos de Circonove. Escola de Novo Circo 2007-2008	Circonove, espazo para a formación e a creación artística en Novo Milladoiro (Ames), organiza obradoiros de circo para nenos e adultos, encontros de malabares e circo, así como cursos trimestrais de acrobacia (iniciación e intermedia), danza contemporánea, malabares, aéreos, clown e improvisación, pantomima e verticais, entre outras disciplinas.	Máis información no teléfono 981 937 825 ou no correo electrónico circonove@hotmail.com	Aberto o prazo de inscrición

IGAEM

CDG

Produccións con distribución pechada (*)

<i>O regreso ao deserto</i>	
<i>A piragua</i>	
<i>Tará Chis Pum</i>	

Produccións con distribución en curso (*)

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Compostela	<i>Noite de Reis</i>	17	189,7	854,54 €
Ourense	<i>Noite de Reis</i>	4	224	1.049,25 €
Carballo	<i>Noite de Reis</i>	1	319	1.571,00 €
O Barco	<i>Noite de Reis</i>	2	241,5	570,00 €
Ferrol	<i>Noite de Reis</i>	4	162,75	848,00 €
Vilagarcía	<i>Noite de Reis</i>	2	481,5	1.104,00 €
Tui	<i>Noite de Reis</i>	1	428	1.801,00 €

CCG

Producción con distribución pechada (*)

<i>Vacuo</i>	
--------------	--

SALÓN
TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	Nº FUNC	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
CCG	<i>Vacuo</i>	4	211,5	1.063,50 €
Círculo	<i>Quarto Interior</i>	2	94	380,50 €
Rui Horta	<i>Bones & Oceans</i>	2	37,5	155,50 €
Marta Carrasco	<i>J'arrive..</i>	2	78	331,00 €
Ur Teatro	<i>El chico de la última fila</i>	2	104	417,00 €
Allerretour	<i>Elas</i>	2	33,5	219,00 €
Teatre Lliure	<i>Last Chance</i>	2	88	419,50 €
Pedro Coello	<i>Fragments</i>	1	30	231,00 €
La Zaranda	<i>Los que rien...</i>	2	59	323,00 €
Manuel Rodeiro	<i>Fende-lo son</i>	1	81	195,00 €
T. de Ningures	<i>Emigrados</i>	2	230,5	563,00 €
Drumming	<i>Un tributo a Frank Zappa</i>	1	135	690,00 €
Rayo Malayo	<i>Los olvidados</i>	1	30	179,00 €
Lagarta Lagarta	<i>As últimas lúas</i>	2	83,5	268,00 €
CDG	<i>Tará Chis Pum</i>	19	184,74	487,42 €
CDG	<i>A Piragua</i>	23	108,61	278,52 €
Experimenta	<i>Arte a escea</i>	2	125	233,00 €
Danza + CCG				
SinSal	<i>A Hawk and a Hacksaw & The Hun...</i>	1	78	606,00 €
Pisando Ovos + CCG	<i>30.000</i>	2	173,5	170,50 €
SinSal	<i>Hanne Hukkelberg</i>	1	127	778,00 €
Matarile	<i>Truenos y misterios</i>	2	70,5	168,00 €
Pista Catro + CDG	<i>Kamikaze</i>	4	228,75	583,00 €
Sin Sal	<i>Tunng</i>	1	111	747,00 €
CDG	<i>Noite de Reis</i>	17	189,7	854,54 €
Berrobambán	<i>Boas noites</i>	1	257	244 €
T. do Atlántico	<i>A bombilla máxica</i>	2	112	603 €

TOTAL ACUMULADOS IGAEM 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	Ocupación	Facturado
Salón Teatro	101	14.887	54,18 %	50.135,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tará Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	31	7.431	65,40%	30.019,00 €

(*) Desglose en anteriores números de e-scena

REDE GALEGA DE
TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
10&10 Danza	1	40	89,50 €
A Factoría Teatro	9	135	686,98 €
A Internacional	3	58,33	51,25 €
Albions Teatro	1	51	122,50 €
Ana Docampo e Juan Enrique Miguéns, Soprano e Guitarra	1	53	78,00 €
Ancora Produccións	12	102,91	415,87 €
Arela das Artes	2	109,5	261,13 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	5	56	96,80 €
Avance Producciones Teatrales S.L.	4	225	1.895,85 €
B Studio	1	38	87,00 €
Bacana	4	100	427,38 €
Berrobambán Teatro	11	200,64	584,41 €
Capriccio Vocale	1	23	65,00 €
Caramuxo Teatro S.C.	5	95,8	155,38 €
Carlos Borsani y El Gad	8	141,12	426,63 €
Chelicia, Grupo de Violonchelos de Compostela	1	34	68,00 €
Chrystyan Magic	2	261,5	460,75 €
Cía. Galega de Danza	2	283	610,00 €
Contemporánea-Ballet Jesús Quiroga			
Codetta, Orquestra de Cámara	1	150	369,00 €
Colectivo Danzón	1	49	34,00 €
Compañía do Chapitó	3	59,67	180,17 €
Compañía do Trinke Trinke	2	147,5	277,63 €
Compañía Marta Carrasco	1	429	955,00 €
Cuarteto de Corda da Orquestra Solistas de Galicia	1	14	35,00 €
Cyrille Sinclair de Magia a la Carta	2	183	245,50 €
Dani García	2	82	193,00 €
Decamerón e Cía.	1	71	177,50 €
Disque Danza	4	70	114,00 €
Dúo Ad Rem	1	15	17,50 €
Dúo Antón de Santiago-Alexis Díez	3	46,33	91,83 €
Dúo Instrumental Dirección	1	4	10,00 €
Entremans (antes Inquedanza)	2	128,5	507,25 €
Erre Que Erre	3	53,33	91,33 €
Espello Cóncavo	10	90,2	390,73 €
Experimenta Danza	1	79	96,00 €
Fulano, Mengano e Citano	23	147,57	506,37 €
Galitoo	4	171,75	390,75 €
Grupo de Música Antiga 1500	1	57	141,00 €
Grupo de Música Antiga Martín Codax	3	35,67	112,67 €
Hojarasca Danza	1	69	152,00 €
Intermission Dúo de Percusión	2	74	55,00 €
Javier Martín	2	45	142,00 €
Julia Cea e Mondello Quartet	1	59	29,00 €
Karlík Danza-Prod. Javier Leoni	3	114	185,33 €
La Canica	2	412,5	782,50 €
La Imagina Machina	12	111,08	190,16 €
Lagarta Lagarta	28	128,6	454,50 €
Ludus Tonais	1	8	16,00 €
Luis Boyano	2	84,5	143,70 €
Mago Benxamin	2	99,5	126,50 €
Mago Calí	1	271	325,20 €
Mago Kiko	1	82	157,50 €
Mago Marttyn	1	80	154,00 €
Mago Richard	4	124,5	248,13 €
Malasombra	4	80,5	315,69 €
Marco Vargas y Chloé Brulé	1	92	732,00 €

COMPAÑÍAS

Markeliñe	3	296,67	34,67 €
Máscara Produccións	5	106,2	385,00 €
Matarile Teatro	2	28,5	153,80 €
Migallas Teatro	8	126,63	196,57 €
Mimo-Mago Anyo	3	154	243,33 €
Mofa e Befa	13	129,77	440,55 €
Nova Galega de Danza	2	91	295,00 €
Nove Dous	16	79,13	226,84 €
Nut Teatro	11	148,09	299,09 €
O Mago Teto	2	132	253,25 €
Omar Percusión	1	47	31,00 €
Orquestra de Cámara Solistas de Galicia	3	143	272,33 €
Os Colombarios	7	168,72	97,14 €
Os Monicreques de Kukas	1	257	735,00 €
Os Quinquillans	4	146,5	189,75 €
Os Sete Magníficos Máis Un	4	109,75	268,38 €
Os Tirinautas	3	139	335,17 €
Pablo Nojes y Páprika Teatro	3	117,67	253,50 €
Pisando Ovos	3	135,33	468,33 €
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	3	54,67	65,33 €
Quinteto de Vento Pentafonía	4	24,5	55,88 €
Quinteto Santa Cecilia	1	12	60,00 €
Sala Yago	5	115	194,04 €
San&San	5	83	171,30 €
Sapristi	3	87	124,08 €
Sarabela Teatro	32	129,97	514,30 €
Skené Teatro	5	184,2	524,30 €
Susana de Lorenzo	1	22	110,00 €
Talia Teatro	15	102,86	222,23 €
Tanttaka Teatroat	5	157,8	857,92 €
Tanxarina Titeres	3	179	337,67 €
Teatre Arca	10	92	349,66 €
Teatro de Adro	7	101	277,29 €
Teatro de la Luna	6	159,83	314,17 €
Teatro de Ningures	23	114,74	360,98 €
Teatro del Andamio	6	74,33	99,75 €
Teatro do Atlántico	27	106,26	412,05 €
Teatro do Lilo	4	105,5	232,25 €
Teatro do Morcego	23	139,22	544,77 €
Teatro do Noroeste	19	120,15	619,29 €
Teatro dos Tirinautas	1	119	364,00 €
Teatro Español de Madrid	6	157,17	417,83 €
Teatro Galileo	16	93,69	276,56 €
Teatro Meridional	2	144,5	516,38 €
Titeres Cachirulo	6	254,17	484,75 €
Titeres en Acción	5	118,6	277,70 €
Titeres Trompicallo	8	149,62	302,88 €
Titzina Teatre	4	69	297,25 €
Trasposos	2	157,5	1.157,40 €
Trio Musical Intermezzo	1	28	140,00 €
Ur Teatro	2	172,5	831,90 €
Viravolta Titeres	1	180	140,00 €
Vocalise	5	67,6	115,40 €
Yllana Teatro	3	430,33	1.869,67 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña	25	155,8	822,55 €
A Estrada	10	87,3	293,10 €
Ames	19	62,37	125,05 €
Arteixo	14	162,43	280,25 €
As Pontes de García Rodríguez	12	110,17	202,92 €
Betanzos	6	108,5	309,42 €
Boiro	15	122,74	156,33 €
Burela	14	153	356,39 €
Cambados	8	108,25	158,07 €
Cangas de Morrazo	14	173,35	539,86 €

escena en

Rexistro de datos XANEIRO/NOVEMBRO 2007

CONCELLOS/ENTIDADES

Carballo	11	136,82	490,32 €
Cariño	7	32	52,14 €
Cedeira	3	21,67	43,33 €
Cee	7	66,86	170,43 €
Culleredo	8	48,25	89,35 €
Ferrol	13	152,7	271,70 €
Foz	12	102,5	112,63 €
Gondomar	4	165,25	492,75 €
Lalín	9	151,56	166,06 €
Lugo	6	197,33	679,17 €
Monforte de Lemos	12	125,58	260,50 €
Muros	14	79,57	150,79 €
Narón	23	168,57	735,49 €
Noia	3	64,33	178,00 €
O Barco de Valdeorras	18	91,22	329,06 €
O Carballiño	9	105,11	384,22 €
Oleiros	8	161,75	545,62 €
Ortigueira	9	27,56	55,11 €
Ourense (Teatro Principal)	17	137,17	838,95 €
Ourense (Auditorio)	20	99,45	220,15 €
Ponteareas	13	178,31	461,77 €
Pontevedra	14	142,22	495,04 €
Redondela	10	185,7	541,20 €
Ribadavia	5	108,2	215,20 €
Ribadeo	25	99,64	312,96 €
Sada	17	102,59	73,41 €
San Sadurniño	10	59,6	117,90 €
Santiago	32	110,44	439,09 €
Sanxenxo	9	88,34	242,34 €
Tui	17	218,42	525,77 €
Vigo (Auditorio)	18	159,39	426,95 €
Vigo (Caixanova)	15	262,67	1.386,67 €
Vilagarcía de Arousa	21	44,52	132,88 €
Vilalba	6	61,17	177,50 €
Vilanova de Arousa	4	57	0,00 €
Viveiro	8	119,63	353,88 €

TOTAIS RGTA	2006	2007
Funcións	512	574
Público	85.112	70.578
Ocupación	49,94%	32,91%
Facturado	191.750,70 €	215.799,31 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
A Coruña (Teatro del Andamio)	24	37,92	121,29 €
Santiago (Sala Nasa)	26	39,77	206,38 €
Santiago (Sala Yago)	28	45	221,52 €
Vigo (Teatro Arte Livre)	27	10,11	87,41 €
Vigo (Teatro Ensalle)	19	22,47	161,55 €

TOTAIS REDE GALEGA DE SALAS			2007
Funcións	Público	Ocupación	Facturación
124	3.904	38,69%	19.909,00 €

MÚSICA AO VIVO

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
6pm	9	57	125,56 €
A Compañía do Ruído	12	83,92	241,92 €
A Matraca Perversa	13	39,69	111,85 €
Aguardiente Swing Quartet	15	41	145,87 €
Anacos de Buxo	7	28,86	46,14 €
Anger	6	43,17	51,33 €
Ataque Escampe	8	44,13	91,63 €
Blue Rain	13	34,85	55,54 €
Bukowski Blues Trío	15	36,93	72,13 €
Coda	14	36,36	79,22 €
Color Café	13	37,85	82,69 €
Cornelius	15	71,13	230,93 €
Détour	12	31,83	73,92 €
Diego Freire	5	29,6	52,80 €
Diego Massimini	12	24	38,50 €
Dios Ke Te Crew	12	89,33	276,92 €
Dr. Funkstein	13	48,15	84,54 €
Dreams Of Dolly Sheep	10	35,2	71,30 €
Ectoplasma	11	64,54	206,54 €
El Pablo Ese	10	39,6	53,95 €
Ergom	12	57,83	101,50 €
Esenia	7	37,14	88,57 €
Fabulosos Cubatas de...	12	71,83	128,67 €
Faltrigueira	10	86,4	387,70 €
Grasa	14	49,43	96,07 €
Guezos	8	71,88	115,50 €
Hot Kawa Club	14	31,36	57,07 €
Jaso&boo Jazz Performance	15	30,54	47,53 €
Jato Neiro Jazz Trio	12	27,16	48,50 €
Los Cruces	6	44,17	74,50 €
Los Iribarnes	5	73,6	199,20 €
Lume	8	52,63	80,13 €
Marcos Pin Trio	13	30,61	111,77 €
Miguel Costas y La Banda Turca	8	84,62	194,07 €
Mk Nónimo	8	28,5	41,19 €
Moon Cresta	14	46,43	158,43 €
Motor Perkins	3	57,67	60,33 €
Mr. Dixie Jazz Band	14	50,36	174,07 €
Nadadora	9	68	281,89 €
Narf	8	33,88	89,25 €
Niño y Pistola	10	54,6	199,90 €
O Leo I Arremecághona!	12	33,67	62,00 €
Ocean's Garden	6	48,5	98,17 €
Os Trasnos de Moscoso	14	28,64	44,07 €
Pablo Bicho Quinteto	12	43,42	108,83 €
Pepe Vaamonde Grupo	10	59,6	190,10 €
Phantom Club	13	56,39	111,77 €
Quempallou	10	75,9	272,15 €
Querido Salvaje	7	24,72	57,43 €
Ragdog	7	58,29	135,57 €
Renato Spencer & Café Caxaga	15	45,86	90,60 €
Roberto Somoza	12	33,08	117,42 €
Robín de los Estercoleros	13	43,93	143,08 €
Ruxe-Ruxe	13	61,62	181,46 €
Safari Orquestra	6	48,17	100,50 €
Sax Machine	14	34,93	69,65 €
Sevigny	9	30	56,11 €
Snail	10	38,3	51,20 €
Soak	12	64,08	241,42 €
Sugar Mountain	12	55,08	171,75 €
Tango Project	13	37,08	56,46 €
Telemaco	6	44,83	100,00 €

GRUPOS

GRUPOS

The Sweat!	12	39,75	50,33 €
The Turre's Band	9	49,33	112,67 €
Thunn!	8	37,88	172,38 €
Toques do Caramulo	6	46,5	71,00 €
Trifulka	6	24,33	40,33 €
Victor Aneiros Band	11	47,63	153,18 €
Xoán Curiel	15	31,67	38,10 €
Zenar	8	51,25	150,00 €
Zumbido	9	28,89	56,89 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fragua (REDONDELA)	18	30,34	64,55 €
Ache (MARIN)	13	54,85	226,85 €
Aturuxo (BUEU)	26	69,04	294,12 €
Auriense Café Cultural (OURENSE)	22	31,91	66,23 €
Babel (LUGO)	5	43,4	109,20 €
Badulake (ORDES)	9	35,44	24,78 €
Bar Liceum (O PORRIÑO)	18	59,83	140,50 €
Baranda (O BARCO)	19	80,16	165,21 €
Barriga Verde (LALÍN)	2	19	38,00 €
Borriquita de Belén (SANTIAGO)	14	49,64	68,28 €
Café Concerto Antano (ORDES)	12	52,5	90,50 €
Café Teatro Xesteira (OURENSE)	24	63,83	164,56 €
Café-Cultural Roi Xordo (ALLARIZ)	16	39,12	110,25 €
Casa das Crechas, S.L. (SANTIAGO)	10	43,6	89,00 €
Catro Camiños (A RÚA)	7	43,14	102,00 €
Clandestino (NIGRÁN)	13	41,08	127,62 €
Clavicembalo (LUGO)	47	34,11	97,75 €
Contrabajo (VIGO)	16	35,43	69,31 €
Disco-Sala Ogmios (CARIÑO)	3	7,33	18,33 €
El Ensanche (VIGO)	18	31,95	93,33 €
Fardela (VILALBA)	4	36,25	144,00 €
Forum Celticum (CULLEREDO)	7	132,72	209,28 €
Garufa (A CORUÑA)	14	31,71	107,07 €
Jazz Filloa (A CORUÑA)	10	33,7	127,50 €
Jazz Vides (A CORUÑA)	21	30,86	121,76 €
La Casa de Arriba (VIGO)	17	15,53	47,00 €
La Fábrica de Chocolate Club (VIGO)	33	53,78	185,00 €
Manteca Jazz (VIGO)	12	58,67	205,66 €
Marrucho (BAIONA)	14	41,43	123,72 €
Micos (CARIÑO)	3	28,67	18,67 €
Náutico (O GROVE)	14	36,79	72,86 €
O Con do Moucho (A ILLA DE AROUSA)	13	64,31	88,69 €
Planeta (SARRIA)	11	67,82	166,91 €
Pub D'Antón Rock Café (A LARACHA)	35	36,8	65,51 €
Pub Gatos (MELIDE)	31	46,16	88,61 €
Pub Kilé (ORDES)	10	56,4	114,20 €
Remache (VIGO)	4	35	99,25 €
Sala 600 (MELIDE)	11	56	117,00 €
Sala Clan (XINZO DE LIMIA)	11	62,27	169,55 €
Sala Dzine (SAN SADURNIÑO)	20	77,65	156,95 €
Sala Karma (PONTEVEDRA)	21	32,62	120,34 €
Sala Mogay (CHANTADA)	12	45,42	132,92 €
Sala Son (CANGAS)	13	39,85	105,07 €
Salón Parroquial (PONTEAREAS)	20	64,15	83,20 €
Vagalume Café Concerto (SALVATERRA)	14	55,71	121,43 €
Verbum Jazz (VIGO)	13	30,85	63,23 €
Verbum Náutico (VIGO)	8	33,38	58,25 €
Woodstock (SANXENXO)	18	23,16	65,22 €
Zona Zero (CALDAS DE REIS)	19	54,58	129,37 €

TOTAIS REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO	2007
FUNCIONS	745
PÚBLICO	34.671
OCUPACIÓN	35,49%
FACTURADO	87.368 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es